

LÉXICO DO INSTITUTO (ACIS 1º ESO)

Antónimo de "memorizar".	ESQUECER
Antónimo de "saber".	IGNORAR
Aula na que está un grupo de alumnado para mellorar as súas condicións de aprendizaxe.	AGRUPAMENTO
Aula na que están a metade dos alumnos dun curso.	DESDOBRAMENTO
Dicir unha a unha as letras que compoñen unha palabra.	SOLETRAR
Estudios posteriores á ESO coa intención de logo ir á universidade.	BACHARELATO
Marcar cunha liña por debaixo determinadas palabras dun texto para salientar a súa importancia.	SUBLIÑAR
Notas que o alumnado fai no seu caderno sobre as explicacións da profesora.	APUNTAMENTOS
Revisar os erros.	CORRIXIR
Texto no que se recollen as ideas doutro con menos palabras.	RESUMO



LÉXICO DOS ANIMAIS (ACIS 1º ESO)

Emitir son un paxaro.	RECHOUCHIAR
Cría da besta e do cabalo.	POLDRO
Can pequeno.	CADELO
Cría da porca e do porco.	LEITÓN
Vivenda das abellas.	COLMEA
Cría da galiña.	PITO
Vivenda das cadelas e cans.	CANCEIRA
Emitir son as galiñas.	CACAREXAR
Insecto con ás de variadas e vistosas cores.	BOLBORETA
Vivenda dos paxaros.	NIÑO



LÉXICO DO TRABALLO (ACIS 1º ESO)

Persoa que dirixe a construción dunha casa seguindo os planos.	APARELLADOR/A
Aparello para facer furados nunha parede.	TRADE
Persoa que ten por oficio varrer e limpar as rúas.	VARREDOR/A
Persoa que realiza os planos dunha casa.	ARQUITECTA/O
Instrumento de cociña no que se frixe ou frite (p. ex. un ovo)	TIXOLA ou FRITIDEIRA (se é un electrodoméstico)
Utensilio que serve para levar á boca líquidos (p. ex. a sopa).	CULLER
Persoa que instala os tubos, as billas e as pezas de baño nunha casa.	FONTANEIRA/O
Utensilio para poñer inxeccións.	XIRINGA
Persoa que elabora as noticias nun medio de comunicación.	A/O XORNALISTA
Ferramenta que se utiliza para dar golpes (p. ex. cravar algo nunha parede)	MARTELO



LÉXICO DO CORPO HUMANO (ACIS 1º ESO)

Pelo de cor amarela.	LOURO
Pelo de cor laranxa.	ROXO
Glándula de gran tamaño que segrega bile.	FIGADO
Pelo desordenado ou formando unha lea difícil de desfacer.	ENGUEDELLADO
Parte inferior das costas antes do cu que ten por dentro os riles.	CADRIL (CADRÍS)
Cada un dos ósos triangulares colocados na costas debaixo dos ombreiros.	OMOPLATA
Comer moito e de todo.	TER BO DENTE
Falar de máis.	BOTAR A LINGUA A PACER
Advertir un perigo inminente.	VERLLE AS ORELLAS AO LOBO
Dicir algo só por cumprir.	FALAR COA BOCA PEQUENA



LÉXICO DA VESTIMENTA (ACIS 1º ESO)

Medida da roupa e do calzado.	TALLE
Instrumento cun ollo no cu que serve para coser.	AGULLA
Que chama a atención.	RECHAMANTE
Cría da porca e do porco.	LEITÓN
Peza de vestir feminina que vai cinguida á cintura e cobra as pernas, sinónimo de faldra.	SAIA
Quedar ben unha peza de roupa.	ACAER / FAVORECER
Quedar escaso.	APERTAR / CINGUIR
Quitar a roupa.	ESPIR / DENUDAR
Cambiar de opinión a miúdo.	SER UN/UNHA VIRACHAQUETAS
Aforrar.	APERTAR O CINTO



LÉXICO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS (ACIS 1º ESO)

Imaxe que representa unha función ou programa.	ICONA
Periférico conectado ao ordenador para mover o cursor.	RATO
Caracteres secretos de acceso a unha aplicación ou programa.	CONTRASINAL
Pantalla principal do ordenador.	ESCRITORIO
Lugar virtual onde se gardan e almacenan os arquivos.	CARTAFOL
Lugar ao que se envían os arquivos eliminados.	PAPELEIRA DE RECICLAXE
Persoa que instala os tubos, as billas e as pezas de baño nunha casa.	FONTANEIRA/O
Nun dispositivo informático, o conxunto de programas que permiten o seu funcionamento.	SOFTWARE
Símbolo que imita unha cara que indica o estado de ánimo ou intención	EMOTICONA
Elemento dun documento que ao clicar nel nos leva a outro lugar.	LIGAZÓN



LÉXICO DOS MEDIOS DE TRANSPORTE (ACIS 1º ESO)

Pousarse unha nave na terra.	ATERRAR
Pasar un vehículo por riba dunha persoa.	ATROPELAR
Sinónimo de andar en bicicleta.	PEDALEAR
Quedar un vehículo ou outra cousa coa boca cara abaixo.	ENVORCAR
Diminuír a velocidade.	FREAR
Parte metálica das rodas dos coches.	LAMIA
Aparello do coche que emite son para alertar.	BUCINA
Sinónimo de conducir.	GUIAR
Bicicleta para dúas persoas.	TÁNDEM
Remolque longo para transporte por estrada.	TRÁILER



LÉXICO DO MEDIO E DO SEU COIDADADO (ACIS 1º ESO)

Fabricar novos produtos con materiais doutros vellos.	RECICLAR
Que defende ou protexe a natureza.	ECOLOXISTA
Materiais que sobran de realizar algo.	RESIDUO/REFUGALLO
Usar unha vivenda a cambio do pagamento dunha renda.	ALUGAR
Riqueza e variedade de seres vivos e dos medios en que viven.	BIODIVERSIDADE
Que pode ser descomposto polas bacterias ou outros organismos da natureza.	BIODEGRADABLE
Zona que rodea a terra onde habitan os seres vivos.	BIOSFERA
Ciencia que estuda os seres vivos.	BIOLOXÍA
Enerxía que presenta a natureza practicamente inesgotable.	ENERXÍA RENOVABLE
Recipiente no que se recollen os residuos.	COLECTOR



LÉXICO DO DEPORTE (ACIS 1º ESO)

Tipo de herba dos campos de deporte.	CÉSPEDE
Aro por onde se pasa o balón no baloncesto.	CANASTRA
Persoa que prepara os deportistas para estaren en forma.	ADESTRADOR/A
Alongar os membros para darlles flexibilidade e relaxar os músculos.	ESTARRICARSE
Protector para parte da perna que vai do xeonllo ao nocello.	CANELEIRA
Meterse debaixo da auga.	MERGULLARSE
No fútbol lanzamento do balón co pé con forza.	XUTE
Persoa que se dedica a un deporte por gusto e non por profesión.	AFECCIONADA/O
Proba deportiva consistente en realizar un percorrido no menor tempo posible.	CONTRARRELOXO
Peza de roupa para facer deporte que cobre a parte superior do tronco.	SUADOIRO

